

Proxecto de Decreto polo que se regulan os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, inclúe dentro dos montes de natureza privada, aqueles chamados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, no seu artigo 45 define e determina que estes montes rexeranse “polo costume do lugar e subsidiariamente pola Lei de Dereito Civil de Galicia e polo Código civil, sen prexuízo do establecido na presente lei, no que se refire aos montes privados, e disposicións que a desenvolvan”. Este artigo establece uns preceptos básicos en materia de organización e funcionamento deste tipo de montes, así como en materia de obriga de reinvestmentos, que cómpre ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

Os montes de varas, a diferenza dos montes veciñais en man común, serían comunidades de tipo romano caracterizadas consuetudinariamente pola repartición en cotas entre os propietarios que nun principio correspondían ao tanto de renda que tería que pagar cada casa do total do “canon foral”, e ademais para o seu recoñecemento actual dita propiedade debía estar documentada sendo os veciños ou propietarios consorciados "antigos e de solar coñecido", estando cada un deles en condicións así de vender, ceder ou transmitir o seu parte aos seus herdeiros.

Así, este tipo de montes catacterizábanse porque os copropietarios mantiñan o costume de xuntarse periodicamente (normalmente na primaveira) para repartirse entre si porcións determinadas de monte ou “sernas” (tamén chamadas “searas”, “senaras” ou “separas”) para o aproveitamento privativo das mesmas, asignacións que se facían en tantos lotes como partícipes principais viñan determinados polos títulos ou uso inmemorial, e nos cales a súa adxudicación decidíase pola sorte, sen prexuízo da subdivisión das sernas así asignadas conforme ás adquisicións hereditarias ou contractuais.

Para pasto e leña eran usados por todos, pero á hora de facer rozas, a cada casa da aldea adxudicábanselle as súas varas, ou non se lle adxudicaban, caso de non telas; o feito de "acender luz" non era aquí suficiente, a diferenza do que ocorría no sur de Galicia coa condición de comuneiro.

O artigo 64 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, definiu os montes abertais como “os conservados pro indiviso nos cales os seus copropietarios, sen prexuízo de realizar en común aproveitamentos secundarios, tiñan ou manteñen o costume de reunirse para repartirse entre si porcións determinadas de monte ou sernas para o aproveitamento privativo das mesmas, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou uso inmemorial, e nos cales a súa adxudicación decídese pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das sernas así asignadas conforme ás adquisicións hereditarias ou contractuais. No seu caso, a división

das devanditas terras e a consecuente extinción da copropiedade faranse conforme o costume, e non existindo esta faranse conforme a presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código civil”.

Os montes de varas, tamén son chamados de abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo recibían estas denominacións polos seguintes motivos:

- a) Montes "abertos" ou "abertais" porque non están pechados, non se delimitaban con valados ou peches.
- b) Montes "de fabeo", ou "de sorteo", en referencia ás adxudicacións da zona que se ía a entregar en cultivo exclusivo temporal polas "sortes".
- c) Montes "de cotas", "de varas" ou "de varadío" porque o reparto facíase en función da cota que unha das "casas" tiña.
- d) Montes "de voces", "de vocería", ou de "bocería", porque a súa norma de reparto era a opinión do común.

Actualmente a xestión e aproveitamentos destes montes en Galicia é moi diferente, o fin primixenio baseado nunha economía de subsistencia, mediante pasteiros e cultivos forraxeiros, así como a recollida de leñas e estrume para o gando mediante sortes desapareceu e agora os novos paradigmas, moitos deles ligados ao bosque na súa contribución ás políticas de descarbonización fan necesario unha regulamentación axeitada.

O Anuario de Estatística Forestal, do ano 2018, sinalaba que os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo en Galicia sumaban 27 montes cunha superficie de 7.837,18 ha. Unicamente 6 distritos forestais dos 19 tiñan este tipo de propiedade forestal, sendo o distrito con máis montes o VII Fonsagrada – Os Ancares, o resto so teñen un ou dous como máximo como é o caso do Distrito X Terra Cha.

O artigo 126 de dita Lei, en adición, establece dentro do Sistema Rexistral de Galicia, o Rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, no que se inscribirán os montes que teñan constituída a xunta xestora ou, na súa falta, unha asemblea constituída.

De forma complementaria, estes montes presentan un grande paralelismo co monte de socios, desenvolvido no artigo 27 bis da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes. Asemade nas disposicións adicionais desenvólvese o réxime para montes en calquera forma de pro indiviso.

Por tanto esta norma ven satisfacer unha demanda histórica para o monte de varas en Galicia, outorgando a seguridade xurídica que estes montes deben dispor en materia de organización e funcionamento e regulando o rexistro administrativo que conterà a información básica deles e amosará a importancia que en determinadas zonas da nosa xeografía teñen este tipo de propiedades forestais.

O Decreto estrutúrase en cinco capítulos, 25 artigos, catro disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e dúas disposicións derradeiras.

Na elaboración desta disposición observáronse os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na restante normativa de obrigado cumprimento, entre os que cabe destacar a audiencia ao Consello Forestal de Galicia e as persoas interesadas e a publicación do texto, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Polo exposto, este decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Na súa virtude e en uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro do Medio Rural, de acordo co Consello Consultivo /oído o Consello Consultivo e despois de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día

_____,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e réxime xurídico

Artigo 1. Obxecto

O presente decreto ten por obxecto regular e desenvolver o réxime xurídico dos montes denominados de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo en Galicia.

Así como regular o funcionamento do Rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo como sección diferenciada dentro do sistema rexistral forestal de Galicia.

E as condicións e efectos da integridade, división e extinción da copropiedade titular destes montes.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta norma aplicarase sobre os montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo da Comunidade Autónoma de Galicia, como aqueles conservados pro indiviso nos cales os seus copropietarios, sen prexuízo de realizar en común aproveitamentos secundarios, tiñan

ou manteñen o costume de reunirse para repartirse entre si porcións determinadas de monte ou sernas para o aproveitamento privativo das mesmas, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou uso inmemorial, e nos cales a súa adxudicación decídese pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das sernas así asignadas conforme ás adquisicións hereditarias ou contractuais. No seu caso, a división das devanditas terras e a consecuente extinción da copropiedade faranse conforme o costume, e non existindo esta faranse conforme a presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código Civil..

Artigo 3. Natureza dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo

Son montes abertais, de voces, de vocerío, de varas ou de fabeo os conservados pro indiviso.

A copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo terá personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar, para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos, sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición, nos termos establecidos no presente decreto.

CAPÍTULO II

Organización e funcionamento

Sección 1ª. Da organización dos montes de varas

Artigo 4. Órganos de goberno

Son órganos de goberno dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo a asemblea xeral e a xunta xestora.

Artigo 5. A Asemblea Xeral

1. O órgano supremo de expresión da vontade da copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo é a asemblea xeral, integrada por todas as persoas copropietarias coñecidas, e que se reunirá en sesión ordinaria, como mínimo, unha vez ao ano, reuníndose de xeito extraordinario coas condicións e nos casos previstos no artigo 12.

2. As persoas copropietarias coñecidas, que ostenten cando menos o 50% das cotas de participación dun monte de varas, poderán comunicar este feito á Administración forestal para que convoque a primeira asemblea da copropiedade, utilizando para elo o anexo I.

2. Xuntamente á solicitude de convocatoria, deberá achegarse, cando menos, a seguinte documentación:

- a) Listaxe de copropietarios/as coñecidos e a súa cota de participación.
- b) Estatutos propostos para aprobar, a este fin, a Administración forestal difundirá modelos-tipo que faciliten a súa redacción.
- c) No caso de que o monte pertenza a dez ou máis persoas copropietarias, cando menos, unha proposta de copropietarios que compoñerán a xunta xestora.

3. Recibida dita solicitude a Administración forestal convocará, cun mínimo de 45 días de antelación, mediante notificación a todos os copropietarios coñecidos, para o que se empregarán preferentemente medios electrónicos, e coa orde do día dos asuntos a tratar, e estará exposta durante este prazo nos taboleiros de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a copropiedade titular do monte. En todo caso, a Administración forestal garantirá a máxima difusión e publicidade da citada convocatoria.

Artigo 6.- Primeira asemblea

1. Cando o monte pertenza a dez ou máis persoas copropietarias, en primeira convocatoria deben estar presentes ou representadas máis do 50% das cotas de participación dos copropietarios coñecidos, e en segunda convocatoria será suficiente calquera que sexa o número de asistentes a ela. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer un mínimo de dúas horas.

En ambos os casos será necesario o acordo unánime para que a constitución da xunta xestora, a aprobación do listado definitivo de copropietarios e a súa cota de participación e a aprobación dos estatutos se considere válida.

Neste caso, a xunta xestora terá unha vixencia de catro anos e estableceranse as maiorías simples para a toma de acordos; no caso de empate, o voto de calidade terao a presidencia.

2. Cando estes montes pertenzan a menos de dez persoas copropietarias, ou no caso de non chegar a un acordo por unanimidade para acadar unha xunta xestora, a maioría simple das cotas de participación dos copropietarios coñecidos, presentes ou representados, poderá constituírse en asemblea, que nomeará co mesmo quórum, a xunta xestora, aprobará o listado definitivo de copropietarios e a súa cota de participación no monte e aprobará os seus estatutos.

Neste caso, a vixencia da xunta xestora non poderá ser superior a un ano, e deberá convocarse unha nova asemblea para a súa renovación.

Sección 2ª. Dos órganos de gobierno

Artigo 7. Funcións da Asemblea Xeral

Sen prexuízo das que figuren nos seus estatutos, a asemblea xeral ten as seguintes competencias:

- a) Aprobar e modificar os estatutos da copropiedade titular do monte.
- b) Elixir e separar aos membros da xunta xestora.
- c) Aprobar e modificar a listaxe de persoas copropietarias membros da copropiedade titular do monte e a súa cota de participación.
- d) Controlar a actividade da xunta xestora e dos seus membros, e aprobar a súa xestión.
- e) Aprobar o orzamento anual e a liquidación anual de contas.
- f) Aprobar os actos de disposición e aproveitamento do monte consonte ao estipulado nos estatutos e na lexislación que resulte de aplicación.
- g) Acordar a división e a extinción da copropiedade.
- h) Calquera outra que non corresponda a xunta xestora da copropiedade titular do monte.

Artigo 8. Xunta xestora

1. A xunta xestora é o órgano de goberno, xestión e representación da copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo.

2. Cando estes montes pertencesen a máis de dez persoas propietarias e a xunta xestora fora elixida por unanimidade, dita xunta estará composta por un número impar de persoas, todas elas copropietarias, cun mínimo de tres e un máximo de sete, actuando unha delas na función da presidencia, outra na secretaría e outra na tesouraría. Nos restantes casos, será suficiente á presidencia e a secretaría para a constitución da xunta xestora, ostentando a secretaría as funcións propias da tesourería.

3. Sen prexuízo das que figuren nos seus estatutos, a xunta xestora ten as seguintes competencias:

- a) Executar os acordos aprobados pola asemblea xeral.
- b) Administrar e xestionar os fondos económicos e patrimoniais, se os houber, coa dilixencia e transparencia debidas.
- c) Cumprir e facer cumprir os estatutos.
- d) Confeccionar o plan de traballo e orzamento anual de ingresos e gastos.
- e) Elaborar a memoria e o balance anual da copropiedade titular do monte.
- f) Propoñer a asemblea xeral as baixas e altas de copropietarios.
- g) Calquera outros actos para os que fora autorizada por parte da asemblea xeral e recollida nos seus estatutos.

Artigo 9. *Presidencia*

1. A persoa que ostenta a presidencia, desempeña a representación legal da copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo, debendo acreditar dita condición para realizar actos de disposición ou de defensa dos intereses da copropiedade titular do monte.

2. Sen prexuízo das que figuren nos seus estatutos, a presidencia ten as seguintes competencias:

- a) Acordar a convocatoria da asemblea xeral de conformidade co establecido no artigo 12 deste decreto.
- b) Presidir as sesións e ordenar os debates na asemblea xeral ou en xuntanzas da xunta xestora.
- c) Autorizar co seu visto e praxe as actas levantadas pola secretaría.
- d) Ostentar o voto de calidade, en caso de empate, en votacións celebradas para resolver asuntos que sexan competencia tanto da asemblea xeral como da xunta xestora.

Artigo 10. *Secretaría*

1. A persoa copropietaria que o ostente a condición de secretario, sen prexuízo das que figuren nos estatutos da copropiedade titular do monte, ten as seguintes competencias:

- a) Efectuar as convocatorias das sesións da asemblea xeral e de xunta xestora e redactar a orde do día.
- b) Notificar a todas as persoas copropietarias a convocatoria de asemblea xeral, para o que poderá empregar medios electrónicos sempre e cando quede constancia do envío e recepción de dita notificación.
- c) Redactar e asinar as actas das reunións tanto da asemblea xeral como da xunta xestora, co visto e praxe do presidente.
- d) A confección, garda e custodia da documentación, en concreto, os libros de actas, o libro-rexistro de copropietarios e expedir/emitir as certificacións e comunicacións necesarias para a defensa dos intereses da copropiedade titular do monte e permitindo o acceso á documentación ás persoas copropietarias que así o soliciten.

Artigo 11. *Tesourería*

1. A persoa copropietaria que ostente a condición de tesoureiro, sen prexuízo das que figuren nos estatutos da copropiedade titular do monte, ten as seguintes competencias:

- a) A confección, garda e custodia dos documentos contables da copropiedade titular do monte, en concreto o libro de contas, ingresos, gastos, orzamentos, balances e memorias económicas, permitindo o acceso á documentación ás persoas copropietarias que así o soliciten.
- b) Asistir á xunta xestora na administración e xestión dos fondos económicos e patrimoniais da copropiedade titular do monte.

Sección 3ª. Do funcionamento

Artigo 12. Convocatoria da Asemblea Xeral

1. A asemblea xeral ordinaria será convocada unha vez ó ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico. Con carácter extraordinario, poderase convocala asemblea xeral por iniciativa da presidencia da xunta xestora ou por petición dun mínimo do 20% das cotas de participación dos copropietarios coñecidos, que se celebrará no prazo máximo de dous meses.

2. No suposto de que non se celebre, a petición dun mínimo do 20% das cotas de participación das persoas copropietarias coñecidas, reunirse a asemblea xeral para tomarlos acordos oportunos, incluíndo a remoción da xunta xestora, sempre que se respecten as maiorías previstas .

3. A convocatoria da Asemblea Xeral farase cun mínimo de 15 días de antelación, mediante notificación a tódalas persoas copropietarias coñecidas, preferentemente electrónica, e coa orde do día dos asuntos que se vaian a tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do Concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a copropiedade titular do monte. A dita convocatoria sinalará o lugar onde cada persoa copropietaria poderá examinala documentación dos asuntos que figuran na orde do día.

No escrito de convocatoria consignarase, como mínimo e ademais do seu carácter ordinario ou extraordinario, a orde do día dos asuntos a tratar pola asemblea xeral e na que haberá de figurar a aprobación, se é o caso, da acta da sesión anterior.

4. Para asistir á asemblea xeral, unha persoa copropietaria poderá delegar a súa representación noutra. En todo caso, a delegación deberá ser expresa para cada asemblea xeral.

5. A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis do 50% das cotas de participación dos copropietarios coñecidos, e en segunda convocatoria será suficiente calquera que sexa o número de asistentes a ela. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberá transcorrer un mínimo de dúas horas.

Artigo 13. Réxime de adopción de acordos

1. Para a adopción de acordos por parte da asemblea xeral, a regra xeral é que será suficiente co voto favorable de máis do 50% das cotas de participación dos copropietarios presentes, agás que estatutariamente se determine outro réxime de maiorías.

2. Como excepcións á regra xeral establecida no apartado anterior, establécese o seguinte réxime de maiorías para a adopción de acordos por parte da asemblea xeral en función da materia obxecto de votación:

a) A reforma ou revogación dos estatutos da copropiedade titular do monte precisarán do voto favorable que represente como mínimo o 50% ou máis das cotas de participación das persoas copropietarias coñecidas en primeira convocatoria e o 30% ou máis en segunda convocatoria.

b) O mesmo réxime de maiorías expresado na letra anterior será preciso para que a asemblea xeral autorice á xunta xestora para a realización dos actos de administración ordinaria e extraordinaria, a xestión e o gozo do monte e de todos os seus produtos, o alleamento de toda clase de aproveitamentos forestais, enerxéticos e mineiros e a elaboración do seu instrumento de ordenación ou de xestión forestal, así como calquera outro acto para o cal estean habilitados os copropietarios de acordo coa lexislación forestal. Ademais, a asemblea xeral poderá habilitar á xunta xestora para a realización de contratos coa administración, sempre e cando se observe o mesmo réxime de maiorías e se salvagarden os dereitos de todos os copropietarios.

Artigo 14. *Contido mínimo dos estatutos*

1. A copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo redactará os seus estatutos que, sendo a norma reguladora do seu funcionamento interno, recollerán os usos e costumes polos que se rexe a copropiedade e as previsións contidas no presente decreto. Os estatutos deberán presentar o seguinte contido mínimo:

a) A atribución da condición de persoa copropietaria, a representación da súa cota de participación, a delegación entre persoas copropietarias e, de ser o caso, a referencia a existencia de cotas de participación que carezan de propietario coñecido.

b) Os dereitos e as obrigas das persoas copropietarias.

c) As condicións para as altas, baixas e substitucións das persoas copropietarias.

d) Os órganos aos que se encomenda o goberno e a administración, o xeito de nomealos, substituílos e as funcións que lles corresponden.

e) As obrigas documentais e contables, con expresa referencia a existencia dun libro de actas, dun libro de contas e dun libro rexistro de copropietarios.

f) O réxime económico e os recursos dos que dispón a copropiedade.

g) As causas de disolución e liquidación da copropiedade.

h) Os criterios aos que se adecúen os diversos aproveitamentos do monte.

i) A porcentaxe de reserva en rendementos económicos para inversións en melloras e protección do monte, respectando as porcentaxes establecidas no artigo 45 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. Os estatutos tamén poderán conter calquera outras disposicións e condicións lícitas que os copropietarios consideren convenientes, sempre que non sexan contrarias ao ordenamento xurídico e aos usos e costumes polos que se rexe a copropiedade titular do monte.

3. Os estatutos e as súas modificacións empezarán a producir efectos ao día seguinte da súa aprobación e remitiranse, para os efectos de coñecemento, ao Rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo segundo o disposto no neste decreto.

Artigo 15. *Libros da copropiedade*

1. Cada copropiedade titular dun monte de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo levará un libro de rexistro cos nomes de todas as persoas copropietarias, enderezo, data de inscrición e cota de participación no monte e, de ser o caso, as cotas de participación que carezan de propietario coñecido; un libro de actas que reflicta os acordos tomados nas sesións que se celebren, facendo constar a suficiencia do quórum de asistencia esixido legal ou estatutariamente e as maiorías polas que se adopten os acordos; e libros de contas para asentar estas.

2. Calquera persoa copropietaria poderá solicitar certificación dos devanditos libros, que non lles poderá ser denegada.

CAPÍTULO III

Rexistro de montes de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo

Artigo 16. *Solicitudes de rexistro*

1. Unha vez constituída a xunta xestora e aprobada en Asemblea a listaxe definitiva de persoas copropietarias coñecidas coa súa cota de participación e os estatutos, a persoa que ostente a presidencia, en nome da copropiedade, deberá solicitar a inscrición do monte no Rexistro de montes de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo, ao abeiro do artigo 126, da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

2. As solicitudes, consonte o anexo II, dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería competente en materia de montes da provincia na que se sitúe maioritariamente o monte.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das persoas interesadas presenta dito anexo presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 17. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Listaxe de todas as persoas copropietarias, NIF, enderezo, data de inscrición e cota de participación no monte e, de ser o caso, as cotas de participación que carezan de propietario coñecido. En dita listaxe se sinalaran, cales destas persoas copropietarias compoñen a xunta xestora e o seu cargo na mesma.
- b) Copia dos estatutos aprobados e en vigor de acordo coas exixencias desenvolvidas no artigo 13 do presente decreto.
- c) Cartografía co límite da masa para inscribir, en formato shapefile xeorreferenciado, coa táboa de atributos asociada que é descrita no anexo III.
- d) Listaxe de parcelas catastrais afectadas polo monte a inscribir.
- e) Cartografía en formato shapefile xeorreferenciado, coa intersección das parcelas catastrais afectadas e a cartografía do apartado c).
- f) A xustificación da propiedade mediante documentación acreditativa da titularidade reflectida nos asentamentos do correspondente Rexistro da Propiedade e, na súa falta, no Catastro e, se for o caso, a acreditativa de situacións posesorias por calquera medio de proba válido en dereito, ou á falta destes, mediante declaración responsable que acredite a súa lexitimación.
- g) No seu caso, acreditación da condición de representante, mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude de participación deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 18. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas:

- a) NIF da entidade solicitante ou DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante, de selo caso.
- c) DNI ou NIE das persoas copropietarias.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 19. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal,

para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 20. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 21. Resolución do procedemento de inscrición no Rexistro

O centro directivo con competencias en materia de ordenación forestal será o competente para resolver sobre a inscrición no Rexistro. A persoa titular deste centro directivo ditará a preceptiva resolución nun prazo máximo de tres meses contados a partir da data na que a declaración responsable teña entrada no rexistro electrónico do órgano competente para a súa tramitación.

Artigo 22. Das modificacións dos datos inscritos no Rexistro

1. No caso de que os datos obxecto de inscrición no Rexistro de montes de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo sufriran algunha variación, deberán ser comunicados no prazo dun mes, dende que a dita modificación viñera de producirse, nomeadamente, serán comunicadas aquelas variacións respecto:

- a) A composición e persoas que compoñan a xunta xestora.
- b) A listaxe de persoas copropietarias e/ou á súa cota de participación.
- c) Variacións na delimitación ou superficie do monte.

2. A tramitación de comunicación de ditas modificacións realizarase consonte o procedemento estipulado nos artigos anteriores en materia de inscrición rexistral.

CAPÍTULO IV

Fomento da xestión forestal sostible e activa

Artigo 23. Xestión forestal sostible e silvicultura activa

1. O órgano forestal fomentará a redacción de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, a xestión forestal sostible e a certificación de dita xestión, mediante a silvicultura activa neste tipo de copropiedades.
2. Asemade o órgano forestal poderá incentivar fórmulas que promovan a constitución de agrupacións forestais de xestión conxunta para estas copropiedades.
2. Para obter axudas públicas e incentivos fiscais e financeiros estas copropiedades deberán estar previamente rexistradas no Rexistro de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo.

CAPÍTULO V

Integridade, división e extinción dos montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo

Artigo 24. Integridade

Os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, mentres se manteñan indivisos gozarán dos mesmos beneficios recollidos pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia para os montes pertencentes ás agrupacións forestais de xestión conxunta.

Artigo 25. División e extinción da copropiedade

1. De ser o caso, a división das devanditas terras e a consecuente extinción da copropiedade faranse de acordo con costume, e, non existindo este, faranse de acordo coa presunción de igualdade de cotas referida no parágrafo segundo do artigo 393 do Código Civil.
2. Estes montes, de acordo coa súa natureza, son susceptibles de división ou segregación, pero sempre que as parcelas de monte resultante reúnan a extensión mínima establecida no artigo 69 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
3. En caso de parcelas ou encravados situados dentro dunha copropiedade deste tipo ou lindeiras con el, o dereito de adquisición preferente corresponderá ao resto de copropietarios. Para posibilitar o exercicio do dereito de adquisición preferente a través da acción de tanteo, o transmitente deberá de comunicar fidedignamente os datos relativos a

prezos e características da proxectada transmisión á copropiedade. Os copropietarios disporán dun prazo de tres meses, a partir da data de comunicación, para exercer o dereito, co correspondente pago ou consignación do importe comunicado nas referidas condicións.

4. En calquera caso, o dereito de retracto legal entre copropietarios non será aplicable na transmisión ínter vivos outorgada a favor do cónxuxe ou parentes por consanguinidade dentro do segundo grao do condómino ou sociedades unipersoais do mesmo.

Disposición adicional primeira. *Montes en pro indiviso*

Todo o indicado neste decreto é tamén aplicable os montes nos que a titularidade corresponde, en pro indiviso, a varias persoas, con independencia da súa denominación ou da súa maneira de constitución.

Disposición adicional segunda. *Inscripción de oficio no Rexistro*

Serán obxecto de inscrición de oficio no Rexistro de montes de varas, abertal, de voces, de vocerío ou de fabeo, os montes que actualmente a administración forestal dispoña da información necesaria para a súa inscrición, debendo serlle notificado aos interesados dito acto.

Disposición adicional terceira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a

través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

Disposición adicional cuarta. *Actualización de modelos normalizados*

Os modelos normalizados aplicables na tramitación do procedemento regulado na presente disposición poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente, e aos acordos resultantes das relacións de colaboración con outras administracións. A estes efectos, será suficiente a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición transitoria primeira. *Dos reinvestmentos*

1. En aplicación da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, haberán de investirse nos montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo, para a súa mellora, polo menos, o 40 % dos ingresos obtidos polos aproveitamentos dos montes, os derivados dos actos de disposición voluntaria ou os procedentes de expropiacións forzosas, salvo daqueles ingresos obtidos nas partes da propiedade non esclarecida, que haberá de investirse na súa totalidade.

2. Entremetres non se realice o seu desenvolvemento regulamentario, os criterios, prazos e formas de comunicación dos reinvestmentos serán aqueles dispostos no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal, incluído aquel criterio establecido no dito decreto polo que se os traballos programados no correspondente instrumento de ordenación ou xestión forestal quedasen satisfeitos polas cantidades xeradas destes ingresos nunha porcentaxe inferior ao 40%, e cumprísense todos os requisitos legais, poderá reducirse esta cota mínima.

Disposición transitoria segunda. *Deslindes e revisión de esbozos*

Entremetres non se realice o seu desenvolvemento regulamentario, o deslindamento ou revisión de esbozos dos límites destas copropiedades poderanse realizar segundo os preceptos sinalados na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia para os montes veciñais en man común.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa*

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de planificación e ordenación forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta decreto ~~orde~~.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente Decreto entrará en vigor aos vinte días da da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José González Vázquez

Conselleiro do Medio Rural